

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE SETEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Corgo dun treito da estrada LU-P-1207.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Decreto polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se aproba o proxecto da Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-2027, para a continuación da súa tramitación e a súa posterior remisión ao Parlamento de Galicia.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón do balance do primeiro ano de funcionamento da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o proxecto da terminal de autobuses integrada na área intermodal de Lugo, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude a Fundación Camiña Social, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores na provincia da Coruña. Importe total: cincocentos trinta e cinco mil douscentos nove euros (535.209,00€).
- Proxecto de convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegá para a execución do proxecto básico e de execución da construción dunha unidade residencial para persoas con enfermidade mental no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU, no exercicio 2023. Importe: cincocentos mil euros (500.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva de material de cirurxía cardíaca con destino a distintas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, por un importe de dez millóns douscentos trinta e oito mil novecentos corenta e nove euros con cincuenta e seis céntimos (10.238.949,56 €) IVE engadido, e un valor estimado de quince millóns oitocentos vinte e catro mil novecentos corenta e oito euros con vinte e dous céntimos, sen IVE (15.824.948,22 €).
- Acordo polo que se autoriza o Convenio entre o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), a Universidade de Alcalá e a Consellería de Sanidade da Comunidade Autónoma de Galicia para a realización dun curso de incapacidade temporal para médicos asistenciais na modalidade on-line, por importe de cincuenta mil cincocentos oitenta e catro euros con oitenta e seis céntimos (50.584,86 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), o Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia, Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia para a elaboración do Plan estratéxico da industria forestal-madeira de Galicia, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa #DescubreGaliciaenOutono a través dos bonos turísticos, se convocan para o ano 2023 e se abre o prazo para a adhesión dos establecementos turísticos de aloxamento e axencias de viaxes, por un importe total de un millón de euros (1.000.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as accións en materia de bibliotecas escolares e fomento da lectura.
- Informe sobre as actuacións encamiñadas a mellora do benestar emocional no ámbito educativo.
- Informe sobre a convocatoria INNOVATECH FP.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde 27 do decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para investimentos produtivos, incremento da eficiencia enerxética e fomento da reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables, e para a obtención de servizos de asesoramento de carácter técnico, científico, xurídico, ambiental ou económico no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Informe sobre o desenvolvemento dos grupos locais do sector pesqueiro, valoración do programa Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e primeira convocatoria do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO CORGO DUN TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-P-1207 NA PARROQUIA DE SANTIAGO DE GOMEÁN

- Transfírese á entidade local un treito de 247 metros, que se inicia na glorieta da LU-P-1611, no quilómetro 130+200 na marxe esquerda, e entronca cunha vía municipal
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello do Corgo terá a competencia para actuar nestas vías e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Corgo dun treito da estrada provincial LU-P-1207, na parroquia de Santiago de Gomeán.

O Concello do Corgo solicitou a transferencia deste treito da vía provincial, que se corresponde cun resto da antiga estrada provincial que conduce ata o municipio de Castroverde e que sufriu unha modificación debido ao novo trazado do corredor provincial.

Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito, de 247 metros de lonxitude, que se inicia na glorieta existente na LU-P-1611, "Cinturón Comarcal", no punto quilométrico 130+200, na marxe esquerda, e que entronca cunha vía municipal.

A transferencia a prol do Concello do Corgo tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.


COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade, o Concello do Corgo terá a competencia para actuar neste treito da estrada LU-P-1207 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA DE MANEIRA DEFINITIVA O NOVO DECRETO DE DEPENDENCIA QUE MELLORARÁ O ACCESO AOS SERVIZOS E PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

- Redúcese o número de papeis a presentar polos solicitantes de doce a dous e haberá que facer un só trámite desde o inicio do proceso ata que se obtén a prestación ou axuda
- Concederase automaticamente unha prestación económica pública mentres que a persoa solicitante agarda polo servizo elixido

O Consello da Xunta aprobou hoxe de xeito definitivo o novo decreto de Dependencia que regula o procedemento para o recoñecemento desta situación e para a asignación dos servizos ou prestacións económicas que correspondan en cada caso. O obxectivo é aliviar a carga administrativa das persoas que queren acceder ao sistema de atención á dependencia.

Os tres principais obxectivos deste novo texto son: reducir o número de papeis a presentar de doce documentos a dous, un informe médico e un informe social; fusionar a resolución de grao coa do Plan Individualizado de Atención (PIA), para que o cidadán teña que facer só un trámite desde o inicio do proceso ata que obtén a súa axuda; e redefinir o PIA para que sexa máis completo e duradeiro e non se teñan que tramitar revisións no caso de cambiar de servizo.

Para conseguir este terceiro obxectivo propónse que se inclúan opcións alternativas para, no caso de non poder recibir o servizo preferido, o solicitante poida escoller outras opcións. Así mesmo, contéplase que os PIA leven aparellada, automaticamente, unha prestación económica pública mentres que a persoa solicitante agarda polo servizo elixido.

Máis facilidades e menos papelame

Ademais, o novo decreto permitirá melloras que redundarán na axilidade de todo o procedemento, como facilidades para xustificar os pagos dos bonos de residencia, centro de día, axuda no fogar ou asistente persoal; ou a redución do papelame para percibir a axuda por coidador na contorna familiar.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA ACCIÓN EXTERIOR GALEGA CUNHA NOVA ESTRATEXIA QUE ESTABLECE AS PRIORIDADES ATA 2027

- O Consello aprobou hoxe o proxecto da 'Estratexia Galega de Acción Exterior 2023-27' para afianzar o vireiro iniciado en 2018 co anterior documento co que Galicia foi comunidade pioneira en dotarse desta folla de ruta
- Nace como ferramenta de país para avaliar o influxo exterior e aproveitar as oportunidades da internacionalización

O Consello da Xunta deulle o visto bo hoxe ao proxecto da nova Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex) 2023-27 como paso previo a iniciar o trámite parlamentario para a súa posterior aprobación definitiva. O documento permitiralle a Galicia afianzar o vireiro iniciado coa anterior, coa que Galicia foi pioneira, e avanzar así no seu posicionamento e nas relacións no marco internacional. A iniciativa artéllase consonte a Lei 10/2021 reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia (Lacex) como referencia.

A Egaex preséntase como documento de país que nace como ferramenta para avaliar o influxo exterior e para aproveitar as oportunidades da internacionalización e das economías abertas. Nesta liña, o documento aborda os ámbitos de acción exterior con especial atención á economía.

No eido macroeconómico, delimitado polo Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 e os obxectivos da Lacex na materia, apóstase pola consideración do contorno europeo e internacional na planificación, así como pola negociación, programación e xestión dos fondos europeos a prol de Galicia. Canto á vertente microeconómica, a estratexia avoga pola maior integración no mercado interior seguindo as mellores prácticas europeas, e pola internacionalización das empresas galegas e a diversificación de mercados. Destácase ademais o peso do turismo, do sector primario e do Selo-País no exterior.

A cultura, a educación e as universidades son outros dos eixes de acción exterior, nos que se aposta por tecer alianzas coa lusofonía. A el súmase o eixe da galegitude e a poboación, en liña coa estratexia *Retorna 2023-26* como piar, e no que se salienta o *Estatuto de investidor da diáspora* para a captación de talento e de investimento produtivo a prol das áreas xeográficas máis avellentadas. A través desta iniciativa búscase o rexurdimento desas zonas e o impulso da cooperación transfronteiriza.

Cooperación para o desenvolvemento

Con respecto á cooperación para o desenvolvemento, concibida como piar básico da acción exterior, a Egaex toma como marco a lei galega na materia e no Plan director da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cooperación galega, que inicia un novo ciclo de planificación ata 2026. Deste xeito, a Xunta basea a súa política de cooperación na aprendizaxe e mellora continua, asumindo os referentes normativos, estratéxicos e operativos a nivel internacional, europeo e estatal.

A maiores, a Estratexia Galega de Cooperación Exterior afonda nas relacións con Portugal e coa lusofonía. No caso do país luso, sitúase como referencia a Estratexia común de desenvolvemento transfronteirizo aprobada en 2020 e destácase o labor da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) Galicia-Norte de Portugal a prol da consolidación da Eurorrexión. Pola súa banda, o achegamento á lusofonía toma como marco a coñecida como Lei Paz Andrade.

Xa en relación coas políticas europeas, a Egaex aposta polo reforzo das ferramentas para influír na esfera da Unión Europea e no recoñecemento dunha verdadeira Europa das rexións, así como polo apoio ás empresas nas relacións comerciais co Reino Unido e á cidadanía galega asentada en países extracomunitarios como Suíza e Noruega, ademais de no propio Reino Unido.

No caso de Iberoamérica, dado os nexos afectivos, culturais e históricos, avógase por afondar nas relacións humanas e educativas, aproveitando tamén as potencialidades económicas e comerciais, con especial mención a Brasil.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSULTIVA DE URBANISMO EMITIU NO SEU PRIMEIRO ANO DE ACTIVIDADE 91 INFORMES QUE AXUDARON A APLICAR A NORMATIVA SECTORIAL E RESOLVER DÚBIDAS INTERPRETATIVAS

- O Consello foi informado hoxe do traballo desenvolvido polo órgano autonómico, que se constituíu en xullo de 2022 co fin de avanzar na simplificación e eficacia da tramitación dos procedementos en materia urbanística e de ordenación do territorio
- Ante as dúbidas trasladadas por concellos e promotores, destaca o informe que acredita que a instalación de paneis solares ou fotovoltaicos para autoconsumo pode facerse, por norma xeral, sen redactar proxecto de obra nin tramitar licenza
- Outro dos temas sobre os que se pronunciou a Xunta Consultiva é a substitución da licenza de primeira ocupación de vivendas por unha simple comunicación previa, ratificando que 15 días despois da súa presentación xa se pode vivir no inmoble

A Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu durante o seu primeiro ano de funcionamento un total de 91 informes que serviron para axilizar e facilitar aos concellos a aplicación práctica da normativa sectorial en vigor e axudaron a profesionais e outros colectivos do sector a resolver certas dúbidas interpretativas relacionadas coa materia, reforzando así a seguridade xurídica nun eido tan complexo e sensible como o urbanístico.

O Consello da Xunta foi informado hoxe do balance de actividade deste organismo, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e creado para asesorar de forma áxil e eficaz tanto ás administracións como aos axentes económicos e sociais implicados na ordenación do territorio e o urbanismo.

Entre as súas funcións cómpre destacar a de emitir informes preceptivos sobre proxectos normativos relacionados con esta materia, aclarar e axudar a interpretar a lexislación sectorial vixente a aquelas entidades públicas e privadas que no exercicio da súa actividade deben tramitar expedientes urbanísticos ou obter permisos e licenzas, e promover instrucións interpretativas que faciliten a aplicación práctica da normativa.

Desde a súa constitución en xullo do ano 2022, a Xunta Consultiva emitiu 91 informes, na súa maior parte elaborados por petición de entidades municipais, pero tamén algún a instancias de colexios profesionais, empresas e outros departamentos autonómicos.

Dentro deste balance inclúense tamén 3 instrucións feitas coa colaboración de organismos públicos e entidades profesionais relacionadas coa materia. Unha delas, impulsada de forma conxunta entre as direccións xerais de ordenación do territorio e urbanismo e de planificación enerxética e recursos naturais, responde ás numerosas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

dúbdas e consultas que ten xerado entre concellos e promotores a instalación de paneis solares ou fotovoltaicos destinados a autoconsumo.

A conclusión da Xunta Consultiva é clara: pode facerse, como norma xeral e sempre que a súa colocación non altere a configuración exterior ou estrutura dos edificios en que se instalan, mediante a presentación dunha comunicación previa, sen necesidade por tanto de redactar un proxecto de obra nin de tramitar licenza urbanística.

Ademais, tras a modificación da Lei do solo aprobada a comezos de 2023 para substituír a licenza de primeira ocupación de edificios e vivendas por unha comunicación previa —o que permite reducir o trámite de varios meses a poucos días—, o órgano autonómico considerou necesario pronunciarse sobre esta nova regulación.

Así, nun dos seus informes ratifica que transcorridos 15 días hábiles desde a presentación da referida comunicación, e cumprindo o inmovible con todos os requisitos exixidos, dáse por superado o trámite para poder ocupar a vivenda, sen necesidade de agardar a obter licenza expresa do Concello.

Por outra banda e ante as dúbdas suscitadas nalgúns concellos respecto das parcelas que se deben ter en conta para a obtención de licenzas urbanísticas en zonas afectadas por procedementos de concentración ou reestruturación parcelaria que aínda non sexan firmes (as vellas ou as adxudicadas provisionalmente), emitíronse dous informes que conclúen que os predios que se deberán considerar para tal efecto serán os novos.

Por último, o balance da actividade da Xunta Consultiva inclúe os 4 ditames preceptivos emitidos sobre os plans básicos de Riotorto, Trabada, Ribeira de Piquín e O Páramo, os primeiros concellos galegos en dotarse deste instrumento pensado para facilitar un mínimo desenvolvemento urbanístico en municipios de menos de 5.000 habitantes.

Documentación accesible en formato dixital

O primeiro ano de funcionamento do órgano autonómico e o ritmo de emisión de informes permitiu constatar un crecente interese pola función de asesoramento e tutela da Xunta Consultiva por parte dos distintos operadores técnicos e xurídicos que interveñen en Galicia neste eido e, en especial, dos concellos.

A maior parte das solicitudes foron presentadas por entidades locais: 79 dos informes emitidos responderon a consultas municipais sobre diversas cuestións e, de feito, moitos dos concellos pediron asesoramento no último ano en máis dunha ocasión.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todos os ditames emitidos serven para resolver dúbidas concretas que se lle trasladan á Xunta Consultiva e, ao mesmo tempo, coordinar as respostas de xeito que a resolución dunha mesma cuestión sexa sempre a mesma.

Con este mesmo fin, toda a documentación está dispoñible na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para facilitar o seu acceso a calquera cidadán así como aos distintos axentes que queiran coñecer a postura ou a interpretación deste órgano sobre cuestións de relevancia en materia urbanística e que poidan xerar certas dúbidas.

Ademais e tendo en conta a grande utilidade práctica destes informes, está previsto implantar unha serie de melloras técnicas para facilitar a localización e a busca dos documentos que se vaian emitindo por parte do público en xeral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A APROBACIÓN DO PROXECTO DA TERMINAL DE AUTOBUSES DA ESTACIÓN INTERMODAL DE LUGO, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 13,7 M€

- Asegura que o obxectivo é seguir avanzando no impulso da mobilidade sostible a través do “fomento do uso o transporte público”
- Culmina así a tramitación urbanística da infraestrutura ao abeiro da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese
- Subliña que o proxecto recolle a construción da nova terminal de autobuses integrada na de ferrocarril, que a Xunta financiará con 8,5 M€, e o aparcadoiro subterráneo, que contará cunha achega autonómica de 4,7 M€
- Resalta que o Goberno galego incrementa “ata un 50%” a contía que corresponde ao financiamento da terminal de autobuses ao asumir tamén “preto do 40% do custo do aparcadoiro da intermodal”
- A Xunta prevé licitar conxuntamente as obras da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo antes de rematar este ano, para inicialas en 2024
- O Goberno segue avanzando no seu compromiso respecto a futura estación intermodal de Lugo que terá un investimento de case 50 M€

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou o proxecto da terminal de autobuses da estación intermodal de Lugo, que suporá un investimento autonómico que rolda os 13,7 millóns de euros. O titular do Goberno galego enmarcou esta iniciativa no compromiso da Administración autonómica de “fomentar o uso do transporte público” para facilitar a mobilidade sostible.

O acordo do Executivo autonómico culmina así a tramitación urbanística do proxecto ao abeiro da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, que permite reducir os prazos de tramitación. Deste xeito, o Goberno galego ordena o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística, conforme a Lei do solo de Galicia, e avanza cara á dotación á cidade de Lugo dunha nova infraestrutura de transporte esencial como nexo de comunicación e garante dun modelo de mobilidade máis sustentable.

Tal e como explicou Rueda, ao abeiro do convenio asinado o pasado mes de marzo con Adif e co concello de Lugo, o Goberno galego vaise facer cargo da construción e financiación da terminal de autobuses que formará parte da futura estación intermodal. A Xunta financia o 100% da construción dun edificio de viaxeiros e unha zona de dársenas con capacidade para 18 autobuses, máis 5 de regulación, cun investimento de 8,5 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A terminal terá unha superficie de 550 m² e distribuirase en dous andares. Na cota de dársenas disporase un interior con espazos diáfanos en que se atopen as zonas de atención a viaxeiros ou a cafetería e o andar superior destinarase a usos administrativos e instalacións da xerencia da terminal.

Pero ademais, a Xunta vai asumir preto do 40% do custo (o 37,50%), polo tanto 4,7 M€, de construír o aparcadoiro da intermodal -xusto debaixo da terminal de autobuses- con 240 prazas.

É dicir, tal e como resaltou Rueda, a Xunta “incrementa nun 50%” a contía que lle correspondería achegar polo financiamento da terminal de autobuses, xa que afronta tamén parte dos custos do aparcadoiro que é un proxecto de Adif.

Coa aprobación hoxe, a Xunta está en disposición de concluír o proxecto de execución para, de firma inmediata licitar a obra conxunta da terminal de autobuses e do aparcadoiro subterráneo antes de rematar este ano. “A previsión é iniciar as obras no ano 2024, de xeito coordinado cos traballos da estación do ferrocarril, que lle corresponde executar a Adif”, sostivo Rueda.

Deste xeito, a Xunta segue avanzando no cumprimento do convenio de colaboración, asinado en marzo co Concello de Lugo e Adif, para o desenvolvemento da nova área de transporte intermodal de Lugo, que suporá un investimento global de máis de 49,2 M€ e que deberá ser optimizada con máis servizos de tren e conexión co AVE, responsabilidade do Goberno de España.

A intermodal de Lugo complétase coa nova estación ferroviaria, cuxa redacción do proxecto e execución é responsabilidade de Adif. Esta intervención inclúe un novo edificio e un paso inferior, que financiará integramente o organismo estatal, cun investimento de 16,1 M€.

A intermodal tamén levará aparellada a construción dun novo paso inferior peonil de cidade entre o centro urbano e o parque do Sagrado Corazón, que conectará ambos os lados da canle ferroviaria, incluídos os seus accesos, elementos de comunicación vertical e urbanización asociada. O orzamento destas intervencións ascende a 11,6 M€ e será financiado nun 60 % por parte de Adif e nun 40 % polo Concello.


O proxecto da intermodal de Lugo será cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, a través do programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego continúa a apostar con determinación pola intermodalidade en Galicia, a través do deseño de infraestruturas funcionais, eficientes e estéticas, que permitan un intercambio áxil e seguro entre os distintos modos de transporte.

Vista da terminal de autobuses:



Acceso peonil á terminal de autobuses:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRORROGA POR UN ANO O CONVENIO COA FUNDACIÓN CAMIÑA SOCIAL PARA A ATENCIÓN A MENORES QUE CUMPREN MEDIDAS XUDICIAIS EN RÉXIME ABERTO

Destínanse preto de 600.000 euros a dar continuidade ao programa de intervención educativa integral que esta entidade leva a cabo no Ciema da Coruña

O Consello da Xunta acordou hoxe prorrogar por un ano máis o convenio coa Fundación Camiña Social, encargada de xestionar o Centro de Intervención Educativa en Medio Aberto (Ciema) da provincia da Coruña. Destínanse preto de 600.000 euros a dar continuidade á intervención educativa integral que esta entidade leva a cabo con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais sen privación de liberdade e que están baixo a responsabilidade da Administración autonómica.

Este acordo de colaboración asinouse por primeira vez en outubro de 2020. Con esta ampliación, a súa vixencia esténdese desde o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023.

As actuacións que se realizan con estes menores que cometeron feitos delituosos están orientadas cara a súa reeducación, para o que se teñen en conta as súas circunstancias persoais, familiares e sociais. O obxectivo é a súa reinserción e socialización.

No que levamos de ano, máis de 200 menores foron obxecto de intervención no Ciema da Coruña.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 500.000 EUROS PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA UNIDADE RESIDENCIAL PARA PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL

Asinarase un convenio de colaboración coa Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegá para a execución deste proxecto

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegá para a construción dunha Unidade residencial para persoas con enfermidade mental. O Executivo autonómico destinará 500.000 a este proxecto que se enmarca no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (*NextGenerationEU*)

Esta nova unidade terá capacidade para atender a 25 usuarios e estará situada no concello das Pontes. Dará servizo á vintena de concellos que forman a área sanitaria de Ferrol.

Este é o único centro destas características da área sanitaria de Ferrol. O obxectivo deste acordo é seguir mellorando a atención a un colectivo especialmente vulnerable, como son as persoas con problemas de saúde mental.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 15,8 MILLÓNS DE EUROS NA ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA OS SERVIZOS DE CARDIOLOXÍA DO SERGAS

- Trátase da primeira contratación centralizada realizada polo Sergas no que atinxe a material funxible destinado á cirurxía cardíaca
- O contrato e subministración deste material sanitario terá unha duración inicial de 3 anos e está dividida en 37 lotes

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación e subministración de material funxible para os servizos de Cardioloxía das distintas área sanitarias do Sergas, por un importe de 15.824.948 euros. A devandita contratación farase mediante a modalidade de procedemento aberto, e estará dividida en 37 lotes atendendo á variedade de material funxible con que conta a especialidade da cirurxía cardíaca. Así a duración inicial do contrato estenderase durante os vindeiros 3 anos.

Trátase da primeira contratación centralizada deste tipo de material, que permite acadar unha maior eficiencia dos recursos e un mellor prezo na adquisición duns produtos, que serán empregados polo Servizo Galego de Saúde. O obxectivo deste tipo de contratación é unha redución media dos prezos actuais de compra de entre o 4 % e o 5 %, o que suporá un aforro estimado de 109.641 euros ao ano.

Entre os produtos sanitarios que adquirirá a Xunta por medio deste expediente atópanse: cánulas de perfusión arteriais e venosas, catéteres, equipos para infusión cardioplexia, sistemas de canulación para asistencias ventriculares, hemoconcentradores para circulación extracorpórea, estabilizadores epicárdicos, vainas, ou dilatadores, entre outros.

Mediante este expediente, a Xunta garante o aprovisionamento do material preciso para continuar coa mellora continua da calidade asistencial e da sustentabilidade económica do sistema sanitario público galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 50.000 EUROS EN ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA PERSOAL MÉDICO CO OBXECTO DE OPTIMIZAR A XESTIÓN DAS INCAPACIDADES TEMPORAIS

O Executivo galego asina un convenio coa Universidade de Alcalá e o Instituto da Seguridade Social, para impartir tres edicións dun curso telemático de oito semanas de duración, co obxecto de perfeccionar a formación no control médico da prestación de incapacidade temporal

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Consellería de Sanidade, o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), e a Universidade de Alcalá, para a realización dun curso de incapacidade temporal para médicos asistenciais. O convenio ten por obxecto artellar as condicións de colaboración entre as partes para a posta en marcha da actividade formativa virtual na modalidade on-line denominada "Certificado de formación permanente en Incapacidade Temporal para médicos asistenciais".

O importe total das actuacións para a Consellería de Sanidade, tendo en conta os custos da actividade formativa, ascende a 50.584 euros, sendo o investimento en cada unha das edicións do curso, un total de tres, de 16.861 euros.

Esta iniciativa pretende perfeccionar a formación dun total de 51 médicos do Sergas tanto do ámbito de atención primaria, de maneira prioritaria, así como doutros médicos especialistas xestores da prestación sanitaria de incapacidade temporal, para, deste xeito, optimizar a xestión da mesma.

A incapacidade temporal é unha prestación do Sistema Nacional de Saúde que precisa ser percibida polos seus lexítimos destinatarios. A través da mellora da formación dos facultativos do Sergas búscase proporcionar unha xestión eficiente desta prestación, garantindo así os dereitos dos pacientes.

O curso, que terá unha duración de oito semanas, impartirase telematicamente a través da Universidade de Alcalá, con participación da Inspección de Servizos Sanitarios da Consellería de Sanidade e do INSS na titorización da actividade formativa. Está previsto a celebración de tres edicións, que se desenvolverán nos exercicios 2023 e 2024, e a data de inicio da primeira edición será no vindeiro mes de outubro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este convenio enmárcase dentro do convenio xeral suscrito entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para o control da incapacidade temporal no período 2023-2024.

Curso organizado por Sanidade

Á súa vez, a Consellería de Sanidade puxo a disposición dos médicos do Servizo Galego de Saúde un curso dirixido tanto a médicos de atención primaria como de atención hospitalaria e MIR, sobre "Incapacidade temporal, xestión e control. Organismos implicados no control dos procesos. Tramitación de enfermidades profesionais". Este curso, organizado pola Subdirección Xeral de Inspección de Servizos Sanitarios do departamento sanitario galego, impártese na modalidade on-line, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), con tres edicións para o exercicio 2023 de 100 prazas cada unha.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 150.000 EUROS NO DESEÑO E NA ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA EN COLABORACIÓN COAS DIFERENTES ENTIDADES DESTESector

- O Goberno galego traballará co Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, a Asociación provincial de empresarios da 1ª transformación da madeira de Lugo e a Federación empresarial de aserradoiros e rematantes de madeiras de Galicia
- O convenio contará cun orzamento de 150.000 euros, estará en vigor ata novembro de 2024 e busca responder ás necesidades e demandas da realidade deste eido na comunidade

O consello da Xunta acaba de aprobar o convenio mediante o cal a Axencia Galega da Industria Forestal, dependente da Consellería do Medio Rural, colaborará co Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, a Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia para elaborar un Plan estratéxico da industria forestal-madeira.

Este convenio, que conta cun orzamento de 150.000 euros, estará en vigor ata novembro do ano 2024. O seu obxectivo é elaborar un plan que responda ás necesidades e demandas da realidade do tecido industrial na nosa comunidade, un fin que só pode acadarse a través da cogobernanza e o traballo conxunto con entidades que estean implicadas de cheo no sector.

Entre as actividades que pretenden desenvolver, buscan establecer os mecanismos axeitados para garantir unha oferta estable de produtos, especialmente daqueles con valor engadido. Para levar isto a cabo, sería necesario tamén integrar as necesidades da industria cunha planificación e xestión dos recursos forestais aliñada cos obxectivos sustentables da revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica".

Ademais, o futuro plan estratéxico identificará as infraestruturas de investigación, formación e transferencia do forestal-madeira competitivo e innovador. Tamén crearán mecanismos de cohesión e cooperación que fortalezan ao sector e procurarán lazos para que a actividade forestal estea vinculada coas sociedades rurais e urbanas.

A maiores, crearase unha comisión de seguimento para poder acadar unha maior eficacia e operatividade nas relacións entre as diferentes entidades. Deste xeito, constituirase unha comisión mixta de carácter paritario, integrada por dous

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

representantes de cada unha das asociacións colaboradoras, que se reunirán cando algunha das partes o solicite ou como mínimo unha vez por ano.

A comisión realizará o seguimento, vixilancia e control da execución de convenio e das obrigas de cada unha das entidades. Adoptaranse cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisan de cara a garantir a boa execución do convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa execución.

Este plan, vén dar resposta a unha demanda histórica das principais asociacións industriais galegas que compoñen a cadea de valor, deste xeito, a Xunta de Galicia reforza a súa aposta pola cogobernanza, involucrando dende o principio aos principais actores industriais do sector forestal de Galicia para a elaboración do seu propio plan industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A POSTA EN MARCHA EN OUTUBRO DO BONO TURÍSTICO #DESCUBREGALICIAENOUTONO PARA PROMOVER A DESESTACIONALIZACIÓN ENTRE A POBOACIÓN GALEGA

- Os bonos terán formato dixital e permitirán facer descontos sobre as actividades turísticas contratadas ata un máximo de 100 € a través dun código QR
- Cun orzamento de 1 M€, estarán dispoñibles 10.000 bonos e o obxectivo é que poidan comezar a usarse entre mediados do mes que vén e o 25 de decembro
- A partir da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, abrirase o prazo para que as empresas turísticas que así o desexen se adhiran ao programa e os interesados poidan solicitar os bonos

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta porá en marcha en outubro o bono turístico #DescubreGaliciaenoutono, unha iniciativa coa que se procura incentivar o turismo interno fóra da tempada alta entre a poboación galega e que deste xeito, segundo apuntou, a comunidade manteña as “excelentes cifras” do verán.

“Trátase dunha experiencia de éxito noutras edicións e por iso a reeditamos”, argumentou o mandatario galego sobre a nova edición deste bono, do que explicou que ten un funcionamento similar aos anteriores, pero sen tarxeta de copagamento, posto que o desconto, que será do 40 % ata un máximo de 100 €, realizaranse mediante a descarga do bono turístico na páxina web que se habilitará para tal efecto, que contará un código QR.

Deste xeito, segundo precisou o presidente da Xunta, contarán cun orzamento de 1 millón de euros e estarán dispoñibles 10.000 bonos turísticos co obxectivo de que poida comezar a usarse a mediados de outubro e ata o 25 de decembro de 2023.

Beneficiarios e funcionamento

Rueda explicou que poderán ser beneficiarios desta iniciativa as persoas físicas maiores de idade e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que poderán solicitar un bono desconto por persoa por un valor de 100 € para gastos de aloxamento realizados nos establecementos turísticos de aloxamento e axencias de viaxes adheridas, así como nos servizos ofertados polos aloxamentos ou as axencias.

Poderase usar cada bono ata o seu esgotamento ou, de ser o caso, ata o esgotamento do crédito dispoñible no programa de tal xeito que o importe do bono irase reducindo en función do valor do gasto aplicando un desconto do 40 % do gasto realizado (IVE incluído) ata un máximo de desconto de 100 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O titular do Executivo galego salientou que grazas a esta nova edición do Bono Turístico se van mobilizar directamente 2,5 millóns de euros, máis todo o gasto adicional que xera unha viaxe.

Proceso de adhesión

Os establecementos turísticos de aloxamento e as axencias de viaxes que desexen adherirse ao programa #DescubreGaliciaenOutono a través dos bonos turísticos deberán rexistrarse na web do programa.

O prazo para que os establecementos turísticos se adheriran ao programa será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia ata o 1 de decembro de 2023. Tanto os establecementos adheridos como a denominación e a localización dos adheridos ao programa #DescubreGaliciaenOutono farase pública na web do programa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS BIBLIOTECAS ESCOLARES GALEGAS CONSOLÍDANSE COMO REFERENTE ESTATAL, CON PRETO DO 80 % DOS CENTROS INTEGRADOS NO PLAN DE MELLORA

- A Xunta vai destinar neste curso máis de 2,3 M€ ás diferentes accións neste eido
- Froito das políticas desenvolvidas nesta materia, o alumnado galego rexistrou o terceiro posto de España en competencia lectora no último informe PISA
- As bibliotecas escolares galegas destacan en ítems como as competencias dixitais e formación en diversidade e igualdade

As bibliotecas escolares galegas consolídanse, un curso máis, como referente estatal, con preto do 80 % dos centros integrados no Plan de mellora (Plambe). A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades publicará nos vindeiros días a resolución deste programa para o curso 2023/24, sumando 25 novos centros, ata chegar a un total de 840, 779 deles públicos.

Cómpre lembrar que o Plambe é o programa de cabeceira do Plan LÍA (lectura, información, aprendizaxe), a folia de ruta iniciada en 2010 e que experimenta nesta lexislatura a súa terceira e máis ambiciosa fase.

Neste sentido, o Plambe é fundamental para a renovación do modelo de biblioteca escolar, dos seus equipamentos básicos e das súas actividades, para o que conta na última convocatoria conta cun orzamento de 1,5 M€. O programa está asociado a diversas actividades formativas. De feito, todos os centros que se incorporan deben solicitar un Plan de formación permanente do profesorado relacionado co funcionamento da biblioteca escolar e os seus principais aspectos.

'Biblioteca Creativa' e 'Radio na Biblio'

A Xunta vai destinar neste curso 2023/24 máis de 2,3 M€ ás diferentes accións en materia de bibliotecas escolares incluídas no Plan LÍA. A maiores do Plambe, destacan iniciativas como o programa Biblioteca Creativa, que chegará este curso a 173 centros e que ten como obxectivo estimular a iniciación do alumnado de infantil e primaria no campo do pensamento computacional a través de actividades manipulativas, o xogo, a investigación e o traballo colaborativo de profesorado e alumnado.

Así mesmo, este curso seleccionaranse 30 novas bibliotecas escolares para a súa participación no programa Radio na biblio, que se sumarán aos 167 centros integrados en convocatorias precedentes ata chegar a un total de case 200. Esta iniciativa ten por obxecto promover a creación de emisoras/laboratorios de radio nas bibliotecas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

escolares co fin de favorecer proxectos de educación das competencias informacionais e mediáticas do alumnado.

No caso do programa Lectura e familias, prevese que este curso chegue a case 120 centros. O seu obxectivo é favorecer a participación das familias en actividades da biblioteca escolar, tanto en experiencias de lectura como de traballo coa información e medios de comunicación.

Os clubs de lectura, unha das iniciativas de máis éxito no eido das bibliotecas, funcionarán este ano en aproximadamente 450 centros, fomentando hábitos de lectura entre os participantes e contribuíndo á creación dun ambiente proclive á experiencia lectora entre os distintos sectores da comunidade educativa.

Doutra banda, serán arredor de 200 os centros que se impliquen no programa de Bibliotecas escolares solidarias, de promoción do voluntariado cultural en relación coas bibliotecas, que se integra tamén nos programas da Consellería de Política Social e Xuventude. A través del promóvese a participación do alumnado e familias neste tipo de actividades e recoñécese o esforzo da comunidade escolar por conformar bibliotecas inclusivas, que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento e ao uso dos recursos culturais e de aprendizaxe.

A maiores, a Xunta continúa desenvolvendo iniciativas moi consolidadas, como as Mochilas viaxeiras, coas que se envían materiais en préstamos ás familias; ou os centros LÍA.3, deseñados como laboratorio creativo de aprendizaxes e dotados de todo tipo de equipamentos adaptados ás necesidades do século XXI, entre outras iniciativas.

Os mellores resultados

O desenvolvemento destes programas permite a mellora dos equipamentos das bibliotecas escolares e, polo tanto, dos centros educativos, favorecendo a adquisición de competencias lectoras por parte do alumnado e facilitando o acceso a estes recursos en igualdade de oportunidades.

Ademais, froito das políticas desenvolvidas en materia de bibliotecas escolares o alumnado galego rexistrou o terceiro posto de España en competencia lectora no último informe PISA, con 494 puntos, 17 puntos por riba da media española (477 puntos) e por riba das medias da OCDE (487) e da Unión Europea (489).

As bibliotecas escolares galegas son, así mesmo, un referente a nivel estatal, con puntuacións superiores á media estatal (en torno a un 20 %) na meirande parte das dimensións previstas no informe estatístico Bibliotecas escolares en España que cada catro anos realiza o Goberno Central, destacando en ítems como a calidade dos espazos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de aprendizaxe, as actividades relacionadas co tratamento da información e competencias dixitais ou a formación en diversidade e igualdade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA PON EN VALOR A GUÍA QUE LANZA A XUNTA PARA GARANTIR O BENESTAR EMOCIONAL NOS CENTROS DE ENSINO

- Asegura que coidar o benestar e a saúde mental dos alumnos “é un obxectivo prioritario para a Xunta”
- Dáse un novo pulo ao Plan de benestar emocional co deseño desta guía que amplía e actualiza as medidas a seguir para “adaptalas a realidade pospandemia”
- Resalta que o Goberno galego destina este curso máis de 3,3 M€ a accións para garantir e mellorar a convivencia e o benestar dos alumnos
- Refórzase a Rede de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia, que se dobra en tan só dous cursos e pasa de 32 a 71 docentes
- Os contratos-programa centrados neste ámbito chegaron o curso pasado a 535 centros, un 24 % máis ca no ano anterior
- No marco do Plan Proxecta desenvólvense iniciativas de benestar en 167 centros e outros 87 forman parte da rede de centros ‘Educación responsable’

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe a publicación da Guía para o desenvolvemento do Plan de Benestar Emocional que vai estar a disposición de toda a comunidade educativa e que ten por obxectivo “avanzar na prevención e na identificación de situacións que poidan causar malestar emocional” no ensino. Nesta liña, o titular do Goberno galego asegurou que “coidar o benestar e a saúde mental” dos alumnos “é un obxectivo prioritario para a Xunta”.

De feito, Rueda resaltou que a Administración autonómica destina este curso “máis de 3,3 M€” para desenvolver unha decena de accións co fin de garantir e mellorar o benestar emocional nos centros de ensino. Todas elas están enmarcadas na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025, que ten entre as súas liñas de actuación a mellora do benestar emocional e os hábitos de vida saudable.

Cómpre salientar que a Consellería de Cultura, Educación, FP e Univeresidades traballa desde a perspectiva da sensibilización, da prevención e da formación con accións encamiñadas a previr e identificar situacións neste ámbito. Isto contribúe á xestión ou derivación dos casos ao sistema de saúde, para o cal se conta co apoio e a colaboración da Consellería de Sanidade.

O Plan de benestar emocional continúa a ser a folla de ruta de cabeceira das accións neste ámbito. Publicado no 2021 co obxectivo de acompañar a comunidade educativa neste reto durante a crise sanitaria, terá este ano un novo pulo coa publicación da Guía para o desenvolvemento do plan de benestar emocional, que tal e como explicou Rueda, amplía e “actualiza as medidas incluídas neste Plan para adaptadas a realidade

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pospandemia". Con este novo documento favorécese, ademais, que as persoas que integran a comunidade educativa adquiren as habilidades necesarias para acadar un bo estado de benestar emocional.

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades deseñou esta guía para facilitar aos centros educativos, con indicacións prácticas e sinxelas, a aplicación das diferentes medidas incluídas no plan. "Inclúe exemplos prácticos de posibles situacións que poden darse nas aulas" para saber como actuar e revolvelas, indicou Rueda. Para iso ofreceranse estratexias de fortalecemento, aprendizaxe e resolución. Estas estratexias están orientadas a desenvolver as competencias emocionais necesarias para intentar resolver as situacións suxeridas. As propostas poderanse desenvolver a nivel grupal ou individual.

Este recurso estará a disposición dos centros e diríxese a toda a comunidade educativa. As actuacións poderá desenvolverlas o profesorado, en colaboración co Departamento de Orientación. Ademais, a persoa responsable da convivencia e do benestar do alumnado dinamizará e acompañará o desenvolvemento do plan.

Medra o acompañamento e os contratos-programa

Ademais do devandito plan, a Xunta de Galicia está a desenvolver unha decena de accións para promover o benestar emocional no ámbito educativo. Neste marco, este curso van funcionar un total de 71 unidades de acompañamento e orientación persoal e familiar de Galicia noutros tantos centros, máis do dobre ca no curso 2021/22, que dan cobertura a todos os centros educativos de Galicia. Cada unha destas unidades está dotada co apoio dun docente para o desenvolvemento de actuacións de apoio e seguimento ao alumnado especialmente vulnerable, así como das súas familias.

No que atinxe aos contratos-programa, volverán funcionar este ano, tras o éxito do curso pasado. A modalidade específica para este ámbito, Emociónate-T, chegou o pasado curso a 353 centros, un 24 % máis ca no precedente. Ao seu abeiro desenvólense accións para a mellora da competencia socioemocional de toda a comunidade educativa, así como o desenvolvemento de estratexias que favorezan o aumento da autoestima, a empatía e a resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas, o incremento do autocontrol emocional, a superación, a identificación das emocións dos demais e o coñecemento das propias.

Formación do profesorado

Así mesmo, a Consellería está a desenvolver a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia ou o impulso das comisións provinciais e autonómica de seguimento de benestar e da convivencia nos centros educativos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito parello, e a través do Plan de formación do profesorado, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ofrece aos docentes formación específica no ámbito do benestar. Así mesmo, convócanse os centros anualmente para participar en diferentes programas neste eido, en colaboración con outras entidades, como Educación Responsable, de cuxa rede forman parte 87 centros, ou o Programa de prevención para educación secundaria YAM (*Youth Aware of Mental Health*) a cargo da Consellería de Sanidade coa colaboración de Educación. Ademais, no marco do Plan Proxecta desenvolveron iniciativas de benestar 167 centros o curso pasado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA 'INNOVATECH FP' PARA O IMPULSO DE PROXECTOS TECNOLÓXICOS POR PARTE DOS ALUMNOS E A TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO ÁS EMPRESAS

- Esta acción da Consellería de Educación, enmarcada no Plan Innova FP, mobilizará máis de 2.000 alumnos e 400 docentes de 100 centros durante dous cursos
- Lanzaranse 90 proxectos de tecnoloxía avanzada cuxa última finalidade é lograr transferir resultados aos distintos sectores produtivos da comunidade
- O Centro Galego de Innovación da FP exercerá de polo tractor destas iniciativas, poñendo á disposición as súas instalacións e os medios materiais e humanos
- O proxecto, que foi analizado no Consello de hoxe, suporá un investimento de 1,5 M€
- Entre os obxectivos específicos figura o desenvolvemento do rural e a promoción de liñas de actuación que axuden á redución da fenda de xénero
- A Xunta velará pola propiedade industrial dos proxectos xerados nos centros educativos cun protocolo de protección específico para a FP galega

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades no que se dá conta do lanzamento do programa *InnovaTech FP*, unha nova iniciativa enfocada ao impulso da innovación tecnolóxica por parte do alumnado de formación profesional e a transferencia de coñecemento aos sectores produtivos.

O programa, enmarcado na Estratexia de FP Galicia 2030 e no Plan Innova FP Galicia, mobilizará máis de 2.000 alumnos e 400 profesores de 100 centros de FP durante o curso 2023-24 e 2024-25, e suporá un investimento de 1,5 M€ neste período.

Entre os obxectivos específicos do programa están o de xerar innovación aplicada que poida derivar no desenvolvemento de proxectos de emprendemento tecnolóxico e industrial, a resolución de retos tecnolóxicos dos sectores produtivos galegos, o fortalecemento da colaboración público-privada, o desenvolvemento do rural e a promoción de liñas de actuación que colaboren na redución da fenda de xénero.

Con esta iniciativa búscase incentivar, entre o alumnado e os titulados de FP que contan cunha alta formación tecnolóxica, o desenvolvemento de proxectos avanzados no eido tecnolóxico e industrial co obxectivo último de lograr unha transferencia de coñecemento cara ás empresas dos distintos sectores produtivos da Comunidade.

Neste propósito, o Centro Galego de Innovación da FP, con sede en Ourense, exercerá de polo tractor, coa posta a disposición das súas instalacións e dos medios materiais e humanos necesarios ao servizo deste programa.

85 centros en primeira convocatoria

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

InnovaTech FP está dirixido a centros educativos de Formación Profesional con dinámica de investigación, innovación e emprendemento, e que contan con viveiros de empresas ou aulas de emprendemento.

Na primeira convocatoria deste curso, o programa chegará a 85 centros educativos, coa participación de ata 1.020 alumnos e a implicación de dez empresas. Na convocatoria do próximo curso o obxectivo é acadar os 100 centros participantes e máis de 2.000 alumnos e 400 docentes implicados, entre coordinadores de emprendemento e de innovación, profesorado especializado e integrantes de equipos directivos, así como ata 30 empresas involucradas.

O programa abordará unha serie de retos tecnolóxicos relacionados cos sectores identificados no Plan Conecta FP que serán propostos polas empresas da comunidade, e que deberán ter un impacto no medio rural así como avogar pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

No plan de traballo establecido, o alumnado dos diferentes ciclos formativos deberá afrontar estes desafíos en equipos multidisciplinares e equilibrados en canto á representación de xénero, integrados por catro persoas. O seu labor será propoñer solucións innovadoras que integren os coñecementos adquiridos durante a súa formación a correspondente área. Cada centro poderá presentar un máximo de tres proxectos.

Protección da propiedade industrial

Doutra banda, cómpre salientar que a Xunta de Galicia vai velar pola protección da propiedade industrial dos resultados dos proxectos xurdidos do traballo do alumnado nos centros educativos. Para ilo, establecerase un novo Protocolo de protección da propiedade intelectual no ámbito da FP galega, que fixará as bases para a súa xestión e o rexistro de patentes para os centros educativos, profesorado, alumnado e egresados. Incluirá unha carteira de servizos que permitirá contribuír ao desenvolvemento tecnolóxico e á mellora da competitividade do tecido produtivo galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA DESTINA ESTE ANO MÁIS DE 18 M€ A PROXECTOS DOS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO COS QUE DINAMIZAR A ECONOMÍA DAS ZONAS COSTEIRAS

- O *Diario Oficial de Galicia* publicará nos vindeiros días a orde coa convocatoria destas axudas para apoiar iniciativas a desenvolver entre os anos 2023 e 2025
- A galega é a primeira comunidade autónoma que ten seleccionados os grupos, as estratexias aprobadas e lanza as achegas para a presentación de proxectos ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura para o período 2021-2027
- Os oito GALP elixidos para os próximos anos engloban a máis de 400 organizacións locais, preto dun cento delas pertencentes ao sector pesqueiro e que representan a máis de 13.000 profesionais do mar
- Entre 2016 e 2022 estas entidades desenvolveron máis de 700 accións cun apoio público de máis de 37 M€ cofinanciados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e que supuxeron un investimento total de preto de 80 M€, así como a creación de máis de 400 empregos directos a tempo completo

O Consello da Xunta analizou hoxe a convocatoria deste ano de axudas a proxectos que se desenvolvan ao amparo das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) e que contan cun orzamento de 18,4 millóns de euros para iniciativas a desenvolver entre 2023 e 2025. Trátase da primeira convocatoria destas achegas, que sairá publicada no *Diario Oficial de Galicia* nos vindeiros días, no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa) para o período 2021-2027.

Deste xeito, os potenciais beneficiarios destas axudas -pequenas e medianas empresas e persoas autónomas así como persoas xurídicas sen ánimo de lucro como as confrarías de pescadores ou outras entidades do sector- poden presentar proxectos ao abeiro dos oito GALP existentes na comunidade para aumentar o valor, crear emprego, valorar o fomento da participación das mulleres, atraer xente nova e promocionar a innovación en todas as fase da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura.

Entre os obxectivos das iniciativas tamén están o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas, o aproveitamento do patrimonio medioambiental -incluídas as operacións de mitigación do cambio climático-, o fomento do benestar social e do patrimonio cultural ou o reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e a gobernanza dos recursos e actividades marítimas locais.

Para poder aplicar as estratexias de desenvolvemento local participativo, a Consellería do Mar seleccionou a finais do ano pasado oito GALP. Son os da Mariña-Ortegal, Golfo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ártabro Norte, Golfo Ártabro Sur, Costa da Morte, Seo de Fisterra-Ría de Muros e Noia. Costa Sustentable, Ría de Arousa, Ría de Pontevedra e Ría de Vigo-A Guarda.

Estes oito grupos engloban a máis de 400 organizacións locais en representación dos sectores económicos, sociais e públicos, das que preto dun cento pertencen ao sector pesqueiro representando a máis de 13.000 profesionais do mar. Neste sentido, Galicia é a primeira comunidade autónoma que ten os grupos seleccionados, as súas estratexias aprobadas e lanza a convocatoria de axudas a proxectos ao abeiro do Fempa.

Resultados período FEMP

O Consello da Xunta tamén fixo un balance dos resultados acadados no desenvolvemento das estratexias de desenvolvemento local participativo no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Entre 2016 e 2022 desenvolvéronse algo máis de 700 proxectos ao abeiro dos GALP cun apoio público de máis de 37 millóns de euros e un investimento total de preto de 80 millóns de euros.

As iniciativas postas en marcha permitiron xerar máis de 400 empregos directos a tempo completo e a actividade inducida no conxunto da economía superou os 215 millóns de euros e supuxo a xeración de máis de 4.500 postos de traballo entre directos e indirectos froito do desenvolvemento dos proxectos ou da actividade apoiada.

Os GALP

Os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación das estratexias de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desas estratexias.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fempa contribuirá -ao igual que xa fixeron os seleccionados ao abeiro do FEMP- a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e a xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA CON 2,8 M€ MÁIS DUN CENTO DE PROXECTOS PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DE CULTIVOS MARIÑOS CUN INVESTIMENTO TOTAL SUPERIOR AOS 6 M€

- Estas iniciativas inclúen actuacións para mellorar a produtividade das instalacións, a eficiencia enerxética ou as condicións de traballo, entre outras
- O sector bateiro é o principal beneficiario destas achegas, con preto do 90 % do total, ao igual que no conxunto das subvencións concedidas desde a primeira convocatoria
- O Executivo galego inxectou no sector preto de 40 M€ neste eido entre 2016 e este ano, un investimento que coa achega privada ascende a arredor de 80 M€

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre a resolución da convocatoria de 2023 de axudas no eido dos cultivos mariños coas que o Executivo galego destina máis de 2,8 millóns de euros a investimentos produtivos no sector -principalmente de empresas de produción de mexillón- para mellorar a produción, a eficiencia enerxética e a súa competitividade. Estes apoios, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), cobren ata o 50 % do investimento que se vai realizar, polo que ao abeiro destas iniciativas está previsto mobilizar máis de 6 millóns de euros contando os fondos achegados polas empresas solicitantes.

A Consellería do Mar aprobou un total de 111 axudas, das que o 85 % están vencelladas co sector da miticultura. A porcentaxe do orzamento aprobado para esta actividade é semellante, do 86 %, con máis de 2,4 dos 2,8 millóns de euros concedidos. Os potenciais beneficiarios destas achegas son bateiros, confrarías de pescadores e acuicultores que promovan unha actividade sustentable e que sexan titulares de establecementos de acuicultura situados nas zonas terrestre, marítimo-terrestre ou marítima e que teñan as súas instalacións na comunidade.

O Executivo galego subvenciona a través destas axudas actuacións de mellora dos establecementos do sector acuícola de xeito que a produción se incremente en cantidade e calidade, mellorando ademais as condicións de seguridade dos traballadores do mar, o seu rendemento global e a súa competitividade. Ao abeiro destas achegas tamén se financian proxectos para aumentar a eficiencia enerxética e a reconversión a fontes de enerxía renovables, accións que contribúen a que o sector medre e a xerar avances en materia de economía e emprego nas zonas costeiras de Galicia, o que redundará en beneficio do conxunto da comunidade.

A convocatoria destas axudas ao abeiro do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) permitiu aprobar entre 2016 e este ano -o derradeiro en que se aplicará o FEMP, que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

será relevado en 2024 polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa)-preto de 40 millóns de euros en axudas ao sector dos cultivos mariños, un apoio público que propiciou un investimento total, contando a achega privada, que rolda os 80 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

